



INSTITUTO GALEGO DE
ESTADÍSTICA

INFORME SOBRE A ENQUISA TRIMESTRAL DE CUSTO LABORAL






Cuarto trimestre de 2016

Santiago de Compostela, 16 de marzo de 2017

Instituto Galego de Estatística
Complexo Administrativo San Lázaro s/n
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)
Contacto: <http://www.ige.eu/web/peticioninfo.jsp?>
Teléfono información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)
FAX: 981.54.13.23
Páxina Web : <http://www.ige.eu>

Enquisa trimestral de custo laboral (ETCL). Cuarto trimestre de 2016

- O custo laboral das empresas diminuíu en Galicia un 1,1% no cuarto trimestre de 2016 con respecto ao mesmo período do ano anterior e a nivel nacional diminuíu un 0,8%. O custo laboral total en Galicia é de 2.343,66 euros, 306,31 euros inferior á media nacional (2.649,97 euros).
- O custo salarial diminuíu un 0,9% no cuarto trimestre de 2016 con respecto ao mesmo período do ano anterior en Galicia e un 0,8% en España. O custo salarial en Galicia sitúase nos 1.759,08 euros mentres que a media do conxunto de España é de 2.010,73 euros.
- O custo laboral por hora efectiva no cuarto trimestre do ano diminúe en Galicia o 0,1% mentres que en España aumenta o 0,6%.
- Por comunidades autónomas, en seis comunidades aumenta o custo laboral sendo Asturias e Navarra as que rexistran os maiores crecementos interanuais; Aragón e Castilla y León amosan os maiores descenso.
- A xornada semanal media pactada é de 34,5 horas semanais en Galicia e de 34,2 horas en España.


Custo laboral. Cuarto trimestre de 2016				
Taxa de variación anual do custo total e achegas dos seus compoñentes		Euros	Taxa interanual	
-1,1		Custo total	2.343,66	-1,1
-0,7		Custo salarial total	1.759,08	-0,9
		Outros custos	584,58	-1,7
-0,1		Cotizacións obrigatorias	541,44	-0,4
-0,4		Percepcións non salariais	59,25	-13,3
-0,1		Subvencións e bonificacións⁽¹⁾	16,12	-7,1

⁽¹⁾ As subvencións subtráense dos outros custos

1. Custo laboral segundo os seus compoñentes

O custo laboral por traballador e mes acada os 2.343,66 euros no cuarto trimestre de 2016, co que diminúe un 1,1% respecto ao mesmo trimestre do ano anterior. En España o custo laboral diminúe o 0,8% e supera en máis de 300 euros o custo laboral en Galicia.

O seguinte gráfico amosa a evolución do custo laboral por traballador e mes.



O custo laboral pode desagregarse en dous grupos: custo salarial e outros custos.

- O **Custo salarial**, que comprende salario base, complementos salariais, pagos por horas extraordinarias, pagos extraordinarios e pagos atrasados, medidos en termos brutos, acada os 1.759,08 euros por traballador e mes en Galicia, o que supón unha caída do 0,9%. En España, o custo salarial diminúe un 0,8%.
- Se se exclúe o factor variable dos salarios (pagos extraordinarios e atrasados), obtense o custo salarial ordinario, que diminúe o 0,3% en Galicia, acadando os 1.438,94 euros. En España, o custo salarial ordinario tamén diminúe o 0,3%.
- Os **Outros custos**, que comprenden principalmente as cotizacións obrigatorias á Seguridade Social e as percepcións non salariais (indemnizacións, prestacións sociais,...) sitúanse en 584,58 euros en Galicia, co que diminúen o 1,7%, mentres que en España redúcense un 0,9%, ata os 639,24 euros. O descenso dos outros custos en Galicia débese principalmente á diminución do 13,3% nas percepcións non salariais. En España as percepcións non salariais diminúen un 6,1%. As Cotizacións obrigatorias á Seguridade Social diminúen tanto en Galicia como en España un 0,4%.

2. Custo laboral segundo actividade económica

Desagregando segundo sectores de actividade económica, o custo laboral total aumenta a industria mentres que diminúe na construción e nos servizos.

Na **Industria** o Custo total aumenta un 1,6% debido principalmente ao incremento do Custo salarial total (1,9%). Os Outros custos aumentan o 0,4%, cun aumento do 1,3% das Cotizacións obrigatorias á Seguridade Social. As percepcións non salariais diminúen un 6,5%.

INDUSTRIA. Cuarto trimestre de 2016			
Taxa de variación do custo total e achegas dos seus compoñentes		Euros	Taxa interanual
1,6	Custo total	2.998,0	1,6
1,5	Custo salarial total	2.290,8	1,9
0,3	Outros custos	707,2	0,4
0,3	Cotizacións obrigatorias	660,8	1,3
-0,2	Percepcións non salariais	66,5	-6,5
0,1	Subvencións e bonificacións⁽¹⁾	20,1	8,8

⁽¹⁾ As subvencións subtráense dos outros custos

O descenso do 3,7% do Custo total na **Construción** débese á diminución do 3,8% do Custo salarial total, que resta 2,7 puntos á taxa interanual. Os Outros Custos diminúen un 3,3%, cun descenso do 3,0% das Cotizacións obrigatorias e das percepcións non salariais.

CONSTRUCCIÓN. Cuarto trimestre de 2016			
Taxa de variación do custo total e achegas dos seus compoñentes		Euros	Taxa interanual
-3,7	Custo total	2.476,2	-3,7
-2,7	Custo salarial total	1.742,0	-3,8
-0,8	Outros custos	734,1	-3,3
-0,2	Cotizacións obrigatorias	627,4	-3,0
-0,2	Percepcións non salariais	127,0	-3,0
0,1	Subvencións e bonificacións⁽¹⁾	20,3	7,3

⁽¹⁾ As subvencións subtráense dos outros custos

Nos **Servizos** o Custo total diminúe un 1,8%. O Custo salarial diminúe o 1,7% e os Outros custos o 2,0%, debido principalmente ao descenso das percepcións non salariais do 16,5%.

SERVIZOS. Cuarto trimestre de 2016				
Taxa de variación do custo total e achegas dos seus compoñentes		Euros	Taxa interanual	
-1,8		Custo total	2.172,2	-1,8
-1,3		Custo salarial total	1.630,8	-1,7
		Outros custos	541,4	-2,0
-0,1		Cotizacións obrigatorias	504,7	-0,6
-0,5		Percepcións non salariais	51,5	-16,5
-0,1		Subvencións e bonificacións⁽¹⁾	14,8	-12,7

(1) As subvencións subtráense dos outros custos

O custo laboral na Industria en Galicia é inferior en 211,8 euros á media nacional, mentres que nos Servizos a diferenza é de 366,8 euros.

3. Tempo de traballo

No cuarto trimestre de 2016, a xornada semanal media pactada en Galicia é de 34,5 horas semanais, e destas, pérdense 5,2 horas. En España a xornada semanal pactada é de 34,2 horas, das que se perden 5,1 horas semanais.

Se se engaden horas extras e se restan as horas perdidas, a xornada efectiva é de 29,4 horas semanais en Galicia e de 29,3 horas no conxunto do Estado.

O custo laboral total por hora efectiva diminúe en Galicia o 0,1%, acadando os 18,3 euros. A nivel nacional, o custo é de 20,8 euros por hora, un aumento do 0,6% respecto do cuarto trimestre de 2015.


Custo laboral por hora efectiva. Cuarto trimestre de 2016		
	Euros	Taxa interanual
Galicia		
Custo laboral total	18,3	-0,1
Custo salarial total	13,8	0,1
Outros custos	4,6	-0,7
España		
Custo laboral total	20,8	0,6
Custo salarial total	15,8	0,7
Outros custos	5,0	0,4

Fonte: INE

O custo salarial por hora efectiva aumenta o 0,1% e é 2 euros inferior ao de España. Os Outros custos diminúen en Galicia o 0,7% mentres que en España aumentan o 0,4%.

4. Custo laboral corrixido de estacionalidade e calendario

Se eliminamos os efectos estacionais e de calendario, o custo laboral por traballador rexistra un descenso do 1,1% respecto ao mesmo trimestre de ano anterior.




5. Custo laboral por comunidades autónomas

Por comunidades autónomas, o custo laboral máis elevado corresponde a Madrid e País Vasco, que superan en máis de 400 euros a media nacional, mentres que en Extremadura e Canarias o custo é inferior á media en máis de 350 euros.

As comunidades nas que máis creceu o custo laboral foron Asturias e Navarra mentres que os maiores descensos rexistráronse en Aragón e Castilla e León. Galicia é a oitava comunidade con maior descenso do custo laboral.

Custo laboral total. 4º trimestre de 2016

Taxas de variación en %



Notas metodolóxicas

A Enquisa trimestral de custo laboral ten por obxectivo coñecer a evolución do custo laboral medio por traballador e por hora efectiva de traballo.

Investíganse os traballadores asalariados por conta allea asociados as Contas de Cotización á Seguridade Social incluídas no Réxime Xeral e cuxa actividade económica estea encadrada nas seccións B a S da CNAE-09 e no Réxime Especial de traballadores do mar e cuxa actividade económica é o transporte marítimo.

Custo laboral: custo no que incorre o empregador pola utilización de factor traballo. Comprende un amplo grupo de partidas que a enquisa recolle en dous bloques principais: custos salariais e outros custos.

Custo salarial: comprende todas as percepcións económicas realizadas aos traballadores, en efectivo ou en especie, pola prestación profesional dos servizos laborais por conta allea, xa retribúan o traballo efectivo, calquera que sexa a forma de remuneración, ou os períodos de descanso computables como de traballo.

Outros custos: inclúen as percepcións non salariais e as cotizacións obrigatorias á Seguridade Social.

Hora efectiva: son as horas realmente traballadas tanto en períodos normais de traballo como en xornada extraordinaria, incluíndo as horas perdidas no lugar de traballo, que teñen a consideración de tempo efectivo en virtude da normativa vixente.

Custo laboral por traballador e mes: mide o custo que supón para o empresario empregar a un traballador durante un mes.

Custo laboral por hora efectiva de traballo: mide o custo que supón para o empresario unha hora efectiva de traballo.

O custo debe ser medido en termos netos para o empregador, é dicir, deducindo as diversas subvencións recibidas.

Anexo cadros

Cadro 1.- Custo laboral por sectores económicos segundo os seus compoñentes. Cuarto trimestre de 2016

	Total		Industria		Construción		Servizos	
	Euros	Taxa interanual	Euros	Taxa interanual	Euros	Taxa interanual	Euros	Taxa interanual
Galicia								
Custo laboral total	2.343,66	-1,1	2.997,97	1,57	2.476,15	-3,68	2.172,15	-1,75
Custo salarial total	1.759,08	-0,9	2.290,75	1,95	1.742,02	-3,84	1.630,80	-1,68
Custo salarial ordinario	1.438,94	-0,3	1.654,33	-0,73	1.428,99	-5,50	1.387,25	0,27
Outros custos	584,58	-1,7	707,22	0,36	734,13	-3,28	541,35	-1,98
Cotizacións obrigatorias	541,44	-0,4	660,77	1,35	627,41	-3,03	504,68	-0,57
Percepcións non salariais	59,25	-13,3	66,51	-6,52	127,02	-2,96	51,46	-16,47
Subvencións e bonificacións	16,12	-7,1	20,06	8,84	20,30	7,29	14,79	-12,69
España								
Custo laboral total	2.649,97	-0,8	3.209,81	0,60	2.751,20	-1,42	2.538,94	-1,04
Custo salarial total	2.010,73	-0,8	2.428,02	0,49	1.987,12	-1,60	1.934,69	-0,94
Custo salarial ordinario	1.636,20	-0,3	1.899,63	0,34	1.598,27	-1,71	1.589,77	-0,33
Outros custos	639,24	-0,9	781,79	0,94	764,08	-0,93	604,25	-1,34
Cotizacións obrigatorias	588,70	-0,4	718,86	0,52	669,99	-0,68	558,96	-0,52
Percepcións non salariais	69,25	-6,1	83,89	2,18	111,88	-1,89	63,64	-8,43
Subvencións e bonificacións	18,71	-3,7	20,95	-7,63	17,78	2,72	18,35	-3,22

Fonte: INE

Cadro 2.- Custo laboral por hora efectiva. Cuarto trimestre de 2016

	Total		Industria		Construción		Servizos	
	Euros	Taxa interanual	Euros	Taxa interanual	Euros	Taxa interanual	Euros	Taxa interanual
Galicia								
Custo laboral total	18,3	-0,1	22,1	2,7	17,4	-3,8	17,4	-0,6
Custo salarial total	13,8	0,1	16,9	3,1	12,2	-4,0	13,1	-0,5
Custo salarial ordinario	11,3	0,7	12,2	0,4	10,0	-5,6	11,1	1,5
Outros custos	4,6	-0,7	5,2	1,6	5,2	-3,4	4,3	-0,9
España								
Custo laboral total	20,8	0,6	23,2	1,6	19,5	-0,3	20,4	0,5
Custo salarial total	15,8	0,7	17,6	1,4	14,1	-0,4	15,5	0,6
Custo salarial ordinario	12,8	1,2	13,8	1,3	11,3	-0,5	12,8	1,3
Outros custos	5,0	0,4	5,7	2,0	5,4	0,2	4,9	0,2

Fonte: INE

Cadro 3.- Horas semanais por traballador e mes¹. Cuarto trimestre de 2016

	Total		Industria		Construción		Servizos	
	Horas efectivas	Horas non traballadas	Horas efectivas	Horas non traballadas	Horas efectivas	Horas non traballadas	Horas efectivas	Horas non traballadas
Galicia								
Ambas xornadas	29,4	5,2	31,1	6,6	32,8	5,4	28,7	4,9
Tempo completo	33,0	6,0	31,1	7,0	33,7	5,7	33,1	5,7
Tempo parcial	16,8	2,7	18,6	2,9	16,4	1,1	16,7	2,7
España								
Ambas xornadas	29,3	5,1	31,7	6,0	32,5	5,1	28,6	4,9
Tempo completo	33,1	5,9	33,1	6,4	34,0	5,4	33,0	5,8
Tempo parcial	17,4	2,7	18,2	2,7	17,1	2,1	17,4	2,7

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos difundidos polo INE

¹ A efectos de cálculo, considéranse 4,35 semanas ao mes

Cadro 4.- Custo laboral total. Cuarto trimestre de 2016

	Custo laboral por traballador e mes			Custo laboral por hora efectiva		
	Euros	Índice 2012=100	Taxa interanual	Euros	Índice 2012=100	Taxa interanual
España	2.650,0	104,3	-0,8	20,8	106,3	0,6
Andalucía	2.376,8	102,9	-1,4	19,0	105,3	-1,1
Aragón	2.522,2	104,2	-3,6	20,4	107,6	-2,3
Asturias	2.772,3	111,4	3,1	22,5	116,4	2,7
Balears, Illes	2.593,3	109,6	-0,2	20,2	115,3	1,0
Canarias	2.267,8	107,6	-0,4	17,4	109,8	-1,0
Cantabria	2.560,9	111,5	1,7	19,9	111,4	0,5
Castilla y León	2.410,7	102,8	-2,7	19,4	105,3	-2,7
Castilla-La Mancha	2.366,9	101,5	-1,0	18,8	106,3	0,8
Cataluña	2.821,2	103,6	0,7	22,0	104,4	3,6
Comunitat Valenciana	2.341,7	101,7	0,1	18,5	103,9	0,8
Extremadura	2.185,2	101,9	-2,3	17,7	107,1	-2,4
Galicia	2.343,7	106,2	-1,1	18,3	109,4	-0,1
Madrid	3.095,7	104,9	-2,1	23,5	106,9	0,1
Murcia	2.440,9	106,0	0,6	19,0	104,9	2,3
Navarra	2.834,6	107,1	2,2	23,0	108,5	4,5
País Vasco	3.078,1	103,6	-1,4	25,1	103,8	1,9
Rioja, La	2.497,6	106,1	-1,6	19,9	105,6	0,9

Fonte: INE

Cadro 5.- Custo salarial. Cuarto trimestre de 2016

	Custo salarial por traballador e mes			Custo salarial por hora efectiva		
	Euros	Índice 2012=100	Taxa interanual	Euros	Índice 2012=100	Taxa interanual
España	2.010,7	106,8	-0,8	15,8	108,9	0,7
Andalucía	1.785,5	105,1	-1,2	14,3	107,5	-1,0
Aragón	1.911,0	107,0	-3,1	15,5	110,6	-1,7
Asturias	2.123,1	115,7	3,1	17,2	120,9	2,6
Balears, Illes	1.952,7	112,0	-1,1	15,2	117,7	0,1
Canarias	1.692,4	108,9	-1,0	13,0	111,2	-1,5
Cantabria	1.932,5	114,5	1,4	15,0	114,3	0,2
Castilla y León	1.822,2	106,7	-2,6	14,7	109,4	-2,5
Castilla-La Mancha	1.777,7	104,3	-0,9	14,1	109,1	0,9
Cataluña	2.144,5	105,4	0,4	16,7	106,2	3,2
Comunitat Valenciana	1.762,0	103,9	0,0	13,9	106,3	0,7
Extremadura	1.648,0	103,7	-2,3	13,4	109,1	-2,4
Galicia	1.759,1	108,7	-0,9	13,8	111,9	0,1
Madrid	2.385,4	107,8	-1,5	18,1	109,9	0,7
Murcia	1.842,1	108,9	0,9	14,3	107,8	2,7
Navarra	2.140,7	110,0	2,0	17,4	111,5	4,3
País Vasco	2.344,5	105,4	-1,8	19,1	105,6	1,5
Rioja, La	1.903,3	109,5	-0,3	15,1	109,0	2,3

Fonte: INE

Cadro 6.- Outros custos. Cuarto trimestre de 2016

	Outros custos por traballador e mes			Outros custos por hora efectiva		
	Euros	Índice 2012=100	Taxa interanual	Euros	Índice 2012=100	Taxa interanual
España	639,2	97,3	-0,9	5,0	99,0	0,4
Andalucía	591,3	97,0	-1,8	4,7	99,2	-1,7
Aragón	611,2	96,1	-5,4	5,0	99,2	-4,1
Asturias	649,2	99,2	3,3	5,3	103,7	2,9
Balears, Illes	640,6	103,0	2,9	5,0	108,5	4,0
Canarias	575,4	103,9	1,2	4,4	106,0	0,7
Cantabria	628,4	103,2	2,6	4,9	103,4	1,5
Castilla y León	588,5	92,2	-3,1	4,7	94,4	-3,1
Castilla-La Mancha	589,2	94,1	-1,3	4,7	98,7	0,4
Cataluña	676,7	98,1	2,0	5,3	98,9	5,0
Comunitat Valenciana	579,7	95,5	0,2	4,6	97,4	0,9
Extremadura	537,2	96,7	-2,2	4,4	101,6	-2,2
Galicia	584,6	99,4	-1,7	4,6	102,5	-0,7
Madrid	710,3	96,2	-4,1	5,4	98,0	-1,8
Murcia	598,8	97,9	-0,2	4,7	97,1	1,3
Navarra	693,9	99,1	3,1	5,6	100,4	5,2
País Vasco	733,5	98,2	-0,2	6,0	98,4	3,1
Rioja, La	594,4	96,4	-5,7	4,7	96,1	-3,5

Fonte: INE